

Novo Programa Integrado de Emprego da Mancomunidade

A Xunta de Galicia concedeu á A Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol unha nova edición do Programa Integrado de Emprego de Galicia. A administración autonómica e o Servicio Público de Empleo Estatal financian esta convocatoria con 220.000 €. Vai dirixida a mulleres en situación de desemprego inscritas na correspondente Oficina de Emprego e con residencia nalgún dos seguintes concellos: Ares, Cedeira, Cabanas, Fene, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño.

O Programa Integrado de Emprego da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol 2025/2026 ten unha duración de 12 meses e o seu obxectivo principal é achegar ferramentas ás participantes para mellorar a súa empregabilidade e lograr a inserción laboral (o obxectivo mínimo deste ano é o 35% das mulleres participantes).



Con esta finalidade, conxugaranse accións individuais co persoal técnico do programa (orientación laboral, asesoramento, información, itinerarios personalizados de inserción...) con accións formativas, tanto transversais como específicas para o emprego.

A formación transversal estará composta por diversos cursos (que supoñen un total de máis de 540 horas lectivas) entre os cales se inclúen os de *Técnicas de busca de emprego*, *Habelencias sociais*, *Alfabetización informática*, *Internet*, *redes sociais e dispositivos dixitais*, *Conversa de Inglés*, *Fomento da capacidade emprendedora*, *Técnicas de coaching e intelixencia emocional*, *Técnicas de motivación para a busca de emprego* e *Mobilidade laboral*.

En canto á formación específica para o emprego, hai que sinalar que está estruturada en seis itinerarios (cunha duración total en aula que supera tamén as 720 horas): *NTICS (Intelixencia artificial e Big Data)*, *Construción naval (Soldadura, PRL, Xestión medioambiental no sector naval)*, *Limpeza industrial*, *Cociña*, *Comercio e loxística e Agricultura ecolóxica*. Esta formación inclúe, ademais do traballo de aulas, a realización de prácticas profesionais non laborais en empresas da contorna. Ademais, de ser o caso, poderanse levar a cabo outras actividades e/ou accións formativas, en función dos intereses e necesidades detectadas.

O persoal técnico tamén abordará a prospección laboral, establecendo contacto coas empresas da contorna de cara a coñecer as necesidades do mercado e as posibles ofertas de emprego para facilitar a información e inserción laboral das usuarias.

O programa contará, ademais, con medidas de apoio á conciliación familiar, persoal e laboral, para facilitar a participación de todas aquelas usuarias que teñan persoas maiores ou menores a cargo.

Así mesmo, terán dereito a percibir unha bolsa de 10€ por día de asistencia ás accións do programa.

Esta metodoloxía permite que as participantes amplíen a súa cualificación, melloren o coñecemento de si mesmas e do propio mercado laboral e adiquiran formación que lles sirva para que a súa busca de emprego sexa máis eficiente e efectiva.

Todas aquelas mulleres interesadas e debidamente inscritas como demandantes de emprego poden ampliar información na web da Mancomunidade (<https://comarcaferrolterra.wordpress.com/>) e contactando co equipo técnico do programa nos seguintes números de teléfono 613 10 85 30 / 613 10 85 35, ou ben no enderezo de correo electrónico piemancomunidade@ferrol.es.